

BORRADOR ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CHAPELA 15.07.2014

ORDE DO DIA

1.- Presentación de propostas ao Consello Parroquial para os orzamentos participativos 2014.

No multiusos de Chapela, sendo as vinte horas do día quince de xullo de dous mil catorce, baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde de Redondela, de Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, actuando como secretaria eu mesma, M^a Nieves Boullosa Rodríguez, e coa asistencia dos/as representantes formalmente propostos e convocados que a continuación se relacionan, constitúese o Consello Parroquial de Chapela, en sesión extraordinaria conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS

BNG: Xosé Xabier Balsas Barbeira
PSOE: Eduardo José Reguera Ocampo
AER: Javier Bastos Devesa

3.- REPRESENTANTES DE ENTIDADES VECIÑAIS

- Perfecto García Martínez (en substitución de Roberto Villar Rodríguez)
- Cesar Domínguez Fernández
- M^a. Esther Barreiro Villar

3. REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS

- Fernando Casas Gómez

1.- REPRESENTANTE DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS

- Rafael Baltasar Cela Acevedo

1.- REPRESENTANTE DA COMUNIDADE DE MONTES

- Francisco Puch Casal

1.- REPRESENTANTE DA ASOCIACION DE MULLERES

- María Jesús Moreira Covelo

Pola presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

1.- Presentación de propostas ao Consello Parroquial para os orzamentos participativos 2014.

O Presidente abre o debate sobre o destino dos orzamentos participativos para o ano 2014 na parroquia de Chapela.

Rafael Baltasar propon que se poña unha varandilla dende a esquina do Instituto ata pasar a pasarela, para obrigar a pasar as persoas pola mesma.

Cesar Domínguez, propon que se cumplimente o proxecto do ano pasado que esta sin facer.

Perfecto García, propón que se faga o acceso donde esta o carreiro que vai dende a Avda. de Redondela a Avda. de Vigo (ao lado da discoteca Kalua).

M^a Jesús Moreira, propón que se arranxe a accesibilidade donde esta a terraza do Sumy, xa que hai unhas escaleiras de baixada o túnel que teñen varandilla e un tramo que non.

Fernando Casas, propón melloras para o multiusos como o aire acondicionado no auditorio, asfaltar o aparcamento e acceso, solucionar o tema do estreito e colocar planchas de espuma para a acústica.

Os membros do consello parroquial acordaron por unanimidade as seguintes prioridades:

- 1.- Colocación de aire acondicionado no auditorio do multiusos.
- 2.- Arranxo de accesibilidade nas escaleiras da terraza do Sumy.
- 3.- Acceso dende Avda. de Redondela a Avda. Vigo (carreiro ao lado da discoteca Kalua).

E, non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinte horas e trinta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria, dou fe.